

Queremos informaros de que o vindeiro xoves, 6 de xuño, ás 12:30 como hora prevista, terá lugar no pavillón do noso centro o acto de entrega de premios que o Ministerio del Interior concede a dez centros, a dez docentes e a dez membros da Policía Nacional e da Garda Civil de toda España, pola participación e implicación no *Plan Director para a convivencia e mellora da seguridade nos centros educativos e na súa contorna*.

O noso centro é un dos premiados, premio que imos recibir pola nosa implicación desde o principio nas actividades do Plan, organizando numerosas charlas de policía e gardas civís e colaborando hai algúns anos na realización dunha curtametraxe na que participou alumnado do noso centro e que se utilizou en centros educativos de toda España para promocionar o plan.

O acto contará coa presenza do Conselleiro de Educación da Xunta de Galicia, o Delegado e o Subdelegado do Goberno, o Director de Educación da Delegación do Goberno, o Alcalde de Vilaboa e coas máximas autoridades galegas e provinciais da Policía Nacional e a Garda Civil, e será presidido polo ministro do Interior.

Por motivos loxísticos, o acto será limitado no número de participantes, polo que soamente foi invitado o alumnado de 6º de Primaria e de 4º da ESO. Será presentado por unha alumna e un alumno de 4º e contará coa participación de alumnado deses dous cursos.

Se todo vai segundo o previsto e non hai retrasos, ao finalizar o acto, o alumnado que o desexe poderá baixar á pista a brindarlle un aplauso aos asistentes como agradecemento polo premio recibido e pola confianza no noso centro para organizar o acto.

CPI do Toural